

O BNG en movemento

Máis organización, máis debate, máis pluralismo, máis esquerda, máis soberanismo

A militancia do Movemento Arredista vimos de decidir impulsar unha **candidatura ao Consello Nacional do BNG** participada tamén por persoas independentes e **encabezada por Noa Presas**, membro da Executiva Nacional e deputada no Parlamento Galego. Antes de explicar as razóns que nos levaron a optar por esta alternativa, queremos resaltar que se trata dunha acción que se enmarca **dentro da normalidade dunha organización frontista, que reconece o pluralismo político** como un dos seus principios e fortalezas organizativos, como é o caso do BNG.

Na anterior asemblea nacional o Movemento Arredista participou dunha candidatura unitaria impulsada polas agrupacións que conforman o que podemos denominar maioría dirixente dentro do BNG. Esta foi a posición do noso espazo político no ciclo aberto despois de Amio. Ao longo deste tempo, consideramos que esa solución era a máis apropiada para trasladarlle á militancia da fronte patriótica a nosa aposta pola unidade das distintas forzas que participamos desa fronte, nun momento en que o BNG debía superar un ciclo político turbulento en que tivemos que afrontar colectivamente situacións moi comprometedoras para o conxunto do nacionalismo galego, no que se cuestionou mesmo a necesidade da súa existencia e do principio elemental de autoorganización.

Con humildade mais tamén con orgullo, cremos ter **contribuído en positivo** ao proceso de **clarificación ideolóxica**, aos intentos de **reforzo organizativo**, á **cohesión interna** e á **recuperación e superación electoral** da fronte patriótica, **traballando sempre desde a lealdade e a xenerosidade**. Ante este novo ciclo organizativo, mais tamén político, a nosa vontade foi seguir este camiño, e que a dirección se mantivese na pluralidade para así poder acertar. Lamentamos que a falta de vontade das correntes maioritarias non sexa suficiente para que esa pluralidade se conforme de raíz nunha mesma candidatura, nun momento ademais de **ampliación de espazos e necesidades de traballo derivados do avance electoral e das inmensas necesidades no traballo social e de base, no que todas somos necesarias**.

Hoxe queremos **reafirmar a nosa aposta leal e honesta polo traballo dentro da casa común do nacionalismo galego, o BNG, á que seguiremos contribuindo** desde a representación que nos dea a candidatura que impulsamos.

Con todo, durante este tempo puidemos certificar numerosas diferenzas entre as nosas posicións organizativas e tácticas, por unha banda, e as posicións da liña oficialista, pola outra banda. A meirande parte desas diferenzas ten que ver con cuestións como non abandonar o discurso soberanista, unha maior aposta polo debate e a formación interna, o impulso da mobilización social, a articulación dunha axenda feminista galega forte, o compromiso cun municipalismo transformador, un aliñamento máis claro na defensa dos intereses da clase traballadora e a posición do BNG ante os incumprimentos do PSOE. Entendemos que xerar consensos arredor destas cuestións é fundamental para o futuro do BNG, pois **foi esa capacidade de mantérmonos fieis aos principios e teses políticas da Fronte a base da nosa resiliencia e recuperación** malia os cantos de serea de forzas políticas de obediencia estatal e embates mediáticos contra as forzas soberanistas. Fortalecer a confianza na base militante e posicionarmos sen complexos contribuíu tamén a que máis persoas confiasen en nós, incrementando a afiliación e tamén o respaldo electoral. Ese debe ser o camiño a reforzar.

Nós temos expresado tales diferenzas nos órganos internos e tamén publicamente, sempre desde a nosa lealdade coa fronte e dentro do marco establecido nos principios organizativos do BNG. Para nós, **non hai mellor forma de concibir a lealdade á fronte que expresando construtivamente as nosas discrepancias, mantendo así vivo o clima de debate que debe imperar en toda organización transformadora.** Os máis de 40 anos de historia da fronte patriótica demostran que foi sempre a posta en común, e non o bo momento electoral, o que nos fortalece e o que nos fai unha ferramenta útil para o pobo galego. Cometeremos un erro histórico se secundarizamos esta cuestión e ignoramos a **necesidade de abordar aquelas dinámicas organizativas e contradicións políticas que erosionan a cohesión** no lugar de **traballar os grandes consensos.**

Máis recentemente, durante este período de preparación da Asemblea Nacional, a militancia do Movemento Arredista implicouse na redacción e debate dos textos políticos e organizativos propostos polo Consello Nacional e animou a toda a militancia do BNG a intervir dos debates. E é **a causa deste compromiso coa saúde democrática da fronte que tomamos a decisión de presentar unha candidatura** propia ao Consello Nacional. É o noso desexo que esta decisión sirva para que a militancia do BNG poida escoller con plena liberdade a representatividade dos órganos e, de paso, poidamos contrastar as nosas propostas con maior claridade, **contribuíndo así a un maior intercambio de ideas dentro da organización.**

Máis organización, máis debate, máis pluralismo, máis esquerda, máis soberanismo!

21 de novembro 2024, Mesa Nacional do Movemento Arredista.

